



**DISCURSO DO ALCALDE, XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO,
NO DEBATE DO ESTADO DO MUNICIPIO**

23 DE ABRIL DE 2022

I

Comezo hoxe dando o pésame e expresando a nosa solidariedade ás familias, amigos e compañeiros dos composteláns e compostelás falecidos a consecuencia da COVID 19. Dous anos máis tarde aínda seguen os seus coletazos, afortunadamente hoxe cun 90% da poboación vacinada. Cando xa viamos a saída do túnel da pandemia, o pasado 24 de febreiro a Rusia de Putin decidiu invadir Ucraína, desencadeando un atroz conflito entre pobos ata agora irmáns, cunha dureza, un salvaxismo, unha violencia extrema contra a poboación civil e unha destrución do medio ambiental e patrimonial sen parangón desde a Segunda Guerra Mundial.

Todos nós estamos a carón das vítimas, dos agredidos, dos que defenden as súas liberdades e as nosas, e tamén o dereito internacional. Non caben equidistancias nin ambigüidades.

Non é posible saber hoxe cando vai rematar, nin como, nin o alcance das súas consecuencias, aínda que é previsible que, máis alá da propia duración do conflito armado, estas se prolonguen durante anos. Á terrible catástrofe humana que está provocando esta guerra, súmanse os efectos sobre a economía a nivel mundial, se ben cabe esperar unha certa estabilización das súas consecuencias neste aspecto nos vindeiros meses: inflación, subidas desorbitadas dos prezos das materias primas, etc.

Dicía o ano pasado, e hoxe debo reiterar, que esta crise, que nos está obrigando a reestruturar a nosa orde de prioridades, non altera os obxectivos fundamentais que tiñamos marcados: debemos seguir traballando na igualdade efectiva entre todas e todos; avanzando na ampliación e diversificación das bases económicas desta cidade; seguir achegando innovación e emprendemento como alternativas de futuro; e poñendo en valor os enormes activos de Santiago: a Universidade, a súa historia e o seu patrimonio histórico; a cultura, como elemento diferencial da cidade e como un enorme capital de futuro; e a capacidade da cidadanía de desenvolver iniciativas propias.

Tamén reitero a absoluta confianza na nosa capacidade, de Santiago e de Galicia, da nosa cidadanía, para superar esta crise e mesmo saír fortalecidos dela. O Ano Santo no que estamos, así como todas as iniciativas que están a agromar e mesmo os Anos Santos 2027 e 2032, van ofrecernos un marco extraordinario de posibilidades.

Neste exercicio pasado, ao igual que no anterior, o Concello debeu dar resposta ás necesidades máis perentorias da sociedade, e fíxoo actuando en tres eixos fundamentais:



- 1. Apoio ás persoas en situación máis vulnerable**
- 2. Apoio decidido aos sectores económicos máis gravemente afectados**
- 3. Mantemento dos servizos públicos en circunstancias moi diferentes ás que viñan sendo habituais e para as que estaban concibidos**

1. Apoio ás persoas en situación máis vulnerable:

Neste senso, gustaríame destacar algunhas actuacións desenvolvidas:

- A continuidade e o reforzo dos dispositivos postos en marcha no ano 2020, incorporando dous profesionais máis para apoio nos trámites da Ordenanza de garantía básica cidadá e do Servizo de Axuda no Fogar que, sumados ás 9 incorporacións do ano 2020, permitiron incrementar o persoal deste servizo de 17 persoas en 2019 a 28 no ano 2021.
- A realización do novo contrato do SAF, cunha suba no seu orzamento de 1.979.666 euros/ano a 3.080.048 euros/ano. Isto permitiunos aumentar o número de persoas beneficiarias do servizo polas modalidades de libre concorrència ou dependencia de 325 en 2020 a 518 en 2021, e reducir a listaxe de agarda de 203 o 30 de decembro de 2020 a 37 na mesma data do 2021.
- Así mesmo, incrementouse o número de axudas técnicas, de axudas á pobreza enerxética, de dispositivos de teleasistencia domiciliar e abriuse unha liña específica de avaliación e intervención coas persoas que viven soas.
- Púxose en marcha o Servizo Municipal de Urxencias Sociais (SEMUS), en colaboración coa Cruz Vermella, e aumentouse o orzamento dedicado ao programa de Renda de Garantía Básica en 70.000 euros.
- Continuouse co programa de bolsas comedor cun incremento do orzamento de 20.000 euros, cun total de 568 beneficiarios. Gustaríame subliñar que non existe lista de agarda e que, **por primeira vez, se asinou un acordo de colaboración coa federación de ANPAS para mellorar a xestión das bolsas municipais.**
- Tamén cómpre subliñar a cesión á Xunta de Galicia dunha parcela de 6.000 metros cadrados para a construción por parte da Fundación Amancio Ortega dunha residencia pública da terceira idade.

2. Apoio decidido aos sectores económicos máis gravemente afectados.

Entre outras actuacións, salientaría as seguintes, que se levaron a cabo no marco do Plan de Reactivación Económica e Social de Santiago (PRESS):

- No ámbito comercial, puxéronse en marcha as campañas “Eu merco aquí”, “Prima 21, a festa do comercio local”, e a de reactivación das compras mediante bonos de aparcadoiros,



cunha achega de 100.000 euros; tamén o programa “Coidar para mellorar” e os exitosos Bonos Corazón Compostela, que contaron cun orzamento de 600.000 euros.

A todas estas actuacións hai que sumar as axudas directas para a reactivación do comercio local, ás que se destinaron 600.000 euros iniciais en decembro do ano anterior máis 1.904.000 euros a primavera pasada, e que permitiron atender 828 solicitudes.

- Tivemos en conta, así mesmo, aos comerciantes de Área Central, cos que se asinou un convenio para a dinamización do centro por importe de 30.000 euros.

- Tamén se puxeron en marcha as axudas para o rescate da hostalaría, restauración e turismo cunha achega inicial de 1.600.000 euros e unha segunda de 1.747.105 euros. En total atendéronse neste ámbito 1010 solicitudes.

- Para o sector cultural habilitouse unha partida de 442.000 euros.

-

3. Mantemento dos servizos públicos en circunstancias moi diferentes ás que viñan sendo habituais e para as que estaban concibidos.

Cómpre destacar os enormes esforzos realizados, co incremento de custos correspondentes, en materias como comedores escolares, limpeza de centros educativos ou servizo de transporte público urbano.

No referente aos centros educativos, estamos a falar dun incremento de custo soamente no ámbito da limpeza superior aos 30.000 euros mensuais. En canto ao transporte público, mantívose o 100% da oferta de servizos, aínda que a recuperación do número de usuarios se situou nun 66% en relación ao ano 2019 (5.045.549 viaxeiros fronte a 7.633.113). Nos últimos tres meses está xa cerca do 80%, o que obriga a asumir ao Concello o diferencial entre os ingresos e os gastos, coas conseguintes consecuencias no relativo ao custo deste servizo.

II

Dende o goberno municipal, a maiores da resposta dada aos problemas xerados pola pandemia, seguimos traballando nos **retos principais para Santiago**.

No seu día, todos os grupos municipais aquí presentes subscribimos na Cámara de Comercio, xunto co Foro Cívico, un acordo, aprobado logo por unanimidade no Pleno da Corporación do mes de xuño de 2019, no que se definiron os obxectivos prioritarios do mandato, que ademais deberían quedar á marxe da confrontación política. Eran:

- a) A industrialización de Santiago de Compostela**
- b) A Estación Intermodal**
- c) As infraestruturas A54, Orbital e Orbitaliño**
- d) A EDAR**
- e) A reforma e modernización da Administración Local**

Cómpre neste debate, polo tanto, dar conta do acontecido con todos eles.



a) A industrialización:

- Neste apartado debo salientar a posta en marcha do BIOPOLO grazas aos pasos dados: a declaración como proxecto de interese xeral municipal; a elaboración e aprobación do estudo de detalle para o seu establecemento na parcela municipal da Sionlla; a cesión de 14.000 metros cadrados de parcela municipal a Sionlla-Biotech para a construción do centro; a concesión da licenza de obras e o inicio das mesmas por parte de Sionlla-Biotech.

Tamén cómpre destacar a adquisición da maioría das accións de UNINOVA e a conversión da mesma en medio propio do Concello de Santiago.

UNINOVA forma parte do accionariado de Sionlla-Biotech, así como das entidades sociais Spin Up e Bioincubatech. A súa conversión en medio propio permite reforzar a súa actividade con tres importantes encargos por parte do Concello, que lle permitirán afondar no seu papel de entidade promotora da innovación empresarial e do emprendemento.

- O primeiro, destinado á execución de distintas actividades de promoción do emprendemento baixo un modelo colaborativo consistente na prestación de asesoramento a persoas, equipos ou empresas; e a prestación dun servizo de apoio á creación de postos de traballo a través do emprendemento.
- O segundo consistirá no acompañamento dos proxectos do living lab no marco do proxecto Smartiago para garantir a correcta xestión e transferencia do coñecemento xerado nos mesmos a medio e longo prazo.
- O terceiro permitirá que UNINOVA asuma a responsabilidade da oficina técnica de xestión do proxecto da Plataforma Loxística de Última Milla, que ten como obxectivo a creación dun centro loxístico de distribución urbana.

Estas iniciativas, sumadas ás que se están a desenvolver dentro da programación de Compostela Móvese, supoñen unha aposta por afondar en políticas de desenvolvemento económico dirixidas á diversificación da nosa base económica, impulsando o sector industrial e o ámbito dos servizos dentro dun modelo económico baseado na economía circular, social, de proximidade e colaborativa.

Cabe sinalar tamén o crecemento extraordinario que se está a producir no polígono da Sionlla, que obriga a traballar na súa ampliación. Actualmente temos o compromiso da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de abordar a ampliación deste polígono a través do desenvolvemento do SUND 29, cunha superficie de 40,75 hectáreas.

Por parte municipal temos que retomar os denominados SUNP 37.3 e 38, paralizados no seu día, e hoxe pendentes do proxecto do Orbitaliño, absolutamente determinante no caso do SUNP 37.3 e condicionante no referido SUNP 38.

b) Estación Intermodal:

No ano 2021 púxose en funcionamento a estación de autobuses e a pasarela de acceso e conexión coa estación do tren, coa rúa do Hórreo e con Pontepedriña.



Desde o pasado mes de marzo, está en construción a nova terminal de viaxeiros, cun custe de 30 millóns de euros e cunha previsión de remate das obras no ano 2024. Tamén está practicamente rematada a primeira fase da remodelación da rúa do Hórreo para a integración do complexo intermodal co Ensanche.

Gustaríame sinalar tamén que, en relación aos problemas de auga detectados na pasarela e que afectan ao seu normal funcionamento, nas vindeiras semanas se realizarán as obras para solucionar estas deficiencias.

c) Infraestruturas

- Continúan avanzando as obras do Orbital e mantense a data de remate para o vindeiro ano 2023.

- Tamén continúan en construción os tramos pendentes Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei, co obxectivo de cumprir a previsión de remate dos traballos en 2023, malia as dificultades medio ambientais atopadas nalgún dos tramos.

-En relación ao Orbitaliño, está prevista a saída a información pública do proxecto nas vindeiras semanas. É preciso ter en conta os diferentes puntos de vista entre o Concello e o Ministerio en relación coas características desta obra, polo que o Concello presentará novamente alegacións en canto o proxecto saia a exposición ao público, se ben existe un principio de acordo co Ministerio para resolver posteriormente estas alegacións e acoutar este proxecto.

d) EDAR

En relación coa EDAR, unha vez resoltas as dificultades anteriores no mes de febreiro de 2021, asinouse o convenio entre Acuaes, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para a construción e posta en funcionamento da nova EDAR.

As obras están adxudicadas por 56,2 millóns de euros, sen IVE, coa tecnoloxía de membranas, tamén a dirección facultativa da obra por 1.543.520 euros sen IVE, e actualmente, atópanse en fase de información pública tanto a expropiación dos terreos necesarios como as autorizacións medio ambientais para a subministración eléctrica desde a subestación do Milladoiro e para o propio proxecto técnico da EDAR.

Inicialmente está previsto o inicio das obras no mes de outubro e a súa conclusión no ano 2025.

e) Reforma e modernización da administración local:

Continuouse coa implantación da solución de administración electrónica adxudicada no mandato anterior: o 1 de febreiro entrou en funcionamento a nova xestión dos ingresos a través da plataforma ESTIMA e da correspondente Oficina tributaria virtual integrada na sede electrónica. Ademais, incorporáronse as autoliquidacións. Durante todo o exercicio 2021 foise afinando e completando a configuración, e poñendo en marcha servizos de ambas



aplicacións. No caso da plataforma de administración electrónica, fóronse revisando e engadindo trámites ata acadar un total de 575 mecanizados.

Tamén se abordou a configuración dos módulos de contratación, de subvencións e de expedientes sancionadores, así como a integración coa plataforma SIR (sistema de interconexión de rexistros) e unha nova sede electrónica máis accesible.

Adxudicouse a subministración e implantación dunha rede de telecomunicacións que facilitará o traballo en mobilidade mediante a inclusión dunha rede de puntos wifi nos locais municipais. Prevese a súa execución durante o primeiro semestre de 2022.

Rematou o Proxecto Cidades Abertas e como elementos máis relevantes atópase a infraestrutura de datos abertos, así como unha guía técnica e funcional para o desenvolvemento do portal de transparencia.

Finalizou tamén a posta en funcionamento da aplicación de xestión policial APPOLO, que permite una xestión integral da Policía Local. Para o ano 2022, están previstas unha serie de actuacións entre as **que destaca a solución a adoptar en materia de Ciberseguridade**, unha prioridade neste momento.

Estamos estudando a posibilidade de adherirnos ao acordo marco da AMTEGA para deputacións e concellos.

A planificación da administración electrónica non contemplaba nada a este respecto.

Durante o ano 2022 implantaremos a solución de tramitación de facturas baseada na aplicación FIRMADOC, que permitirá tramitar integramente en dixital todas as facturas.

Está prevista tamén neste ano a creación da tarxeta cidadá e dunha APP do Concello que integre todo tipo de servizos municipais.

III

Ademais do anterior, ao longo do ano continuouse traballando en todos os ámbitos da vida municipal. Sería demasiado prolixo intentar facer referencia aquí a todo o realizado; con todo, considero necesario falar dalgúns aspectos que xulgo fundamentais na vida dos nosos cidadáns e cidadás.

Emprego:

Non teremos en conta os datos da enquisa de poboación activa que, ao referirse a un ámbito relativamente reducido como é a nosa cidade, pode conter erros importantes. Centrareime, polo tanto, nos datos efectivamente rexistrados. Neste senso, cabe salientar que no mes de decembro de 2021 a cifra de afiliados á Seguridade Social residentes en Santiago situouse en 38.273, o número máis alto dos últimos 11 anos. E os afiliados que teñen o seu centro de cotización en Santiago chegaron a 65.460, o máximo histórico.



Outro dato relevante a subliñar é que entre os afiliados residentes en Santiago hai 106 mulleres por cada 100 homes, cifra que contrasta cos datos de Galicia e de España.

Ademais, o número de parados rexistrados, 4819 en decembro, colócanos nos mellores datos desde 2008.

Igualdade:

No ano 2021 cumpríronse 30 anos da creación da Concellaría de Igualdade. Desde entón, traballamos en prol da equidade, da visibilidade da muller en todos os sectores, en acción e plans contra a violencia machista, creando espazos para o empoderamento das mulleres. E por suposto, asesorándoas, acompañándoas e asistíndoas desde o CIM, do que quero destacar o gran labor que están facendo desde a súa creación.

Debo salientar as accións programadas na Casa Xohana Torres, aberta desde o ano pasado como espazo de debate e reflexión; e os programas específicos para reivindicar datas sinaladas, como o 25N ou o 8 de marzo.

En 2022 está previsto aprobar o novo Plan de Igualdade.

Incorporamos axentes da policía local ao sistema do programa VioXén (Sistema de Seguimento integral nos casos de violencia de xénero), traballando coordinadamente coa policía nacional e autonómica. No ano 2021 este servizo prestou apoio a 58 mulleres e realizou 769 actuacións.

Turismo:

Foi notable a recuperación turística producida no segundo semestre do ano 2021. As pernoctacións, segundo os datos do INE, foron 918.000, das que o 80% corresponderon a turistas nacionais, unha cifra que marca un fito en visitantes españois, superando incluso a do Ano Santo 2010, e que compensa, en certa medida, o ritmo máis pausado no caso dos visitantes internacionais.

A recuperación deste turismo, do internacional, está sendo máis lenta pero é sostida. Acadáronse as 50.000 pernoctacións no mes de outubro e con moi bos datos tamén en Nadal, en ambos casos superando as cifras de 2010.

Os excelentes datos desta Semana Santa, cun nivel de ocupación superior ao 90%, así como a recuperación do turismo de congresos, convidánnos a contemplar con esperanzado optimismo as previsións para este 2022.

En relación ao número de peregrinos, no ano 2021 chegaron a Santiago máis de 180.000, número moi superior ao esperado inicialmente, aínda que inferior ao do ano 2019.

O aeroporto Rosalía de Castro experimentou unha das mellores recuperacións do panorama español e, por suposto, a mellor dos aeroportos galegos, acadando unha cota de mercado do 60%. De cara á nova tempada contemplamos un incremento do número de destinos, como por exemplo Edimburgo ou Múnic, que se suman aos xa incorporados no ano 2021.



Cultura:

A actividade cultural no ano 2021 viuse de novo lastrada polas medidas de seguridade anticovid, que limitaron enormemente os aforos dos locais, polo que o principal reto foi manter a totalidade da programación cultural en condicións e con custos significativamente máis difíciles.

Como cidade acolledora, recibimos múltiples compañías e proxectos escénicos aos que acompañamos no seu andar. Os espazos escénicos convertéronse en puntos de chegada e partida dun amplo abano de propostas que entran en diálogo entre si para configurar un programa diverso e dirixido a todo tipo de públicos.

No eido da música, incluíuse o Ciclo de Lied dentro do programa de abono do Auditorio de Galicia, completando o espectro de concertos da Real Filharmonía; laváronse a cabo as xornadas de música contemporánea e reforzouse a Banda Municipal, que conta cun magnífico cadro de músicos e un excelente director.

Urbanismo e Cidade Histórica:

Estamos a seguir catro liñas básicas de actuación:

- a implementación de **actuacións en zonas cunha clara necesidade de modificación dos espazos públicos ou da accesibilidade**, que redunde nunha mellora significativa da calidade de vida da veciñanza. Neste sentido, debemos salientar a aprobación definitiva dos estudos de detalle de San Ignacio de Loyola, Corredoiro da Campsa, Grupo Diego Xelmírez. Continúa a tramitación na rúa Oviedo e Ultraia, coa previsión de que se complete este ano. Todos eles son imprescindibles para concorrer aos programas de axudas ou simplemente para poder outorgar licenzas.

- Estase a tramitar a **modificación e adaptación do planeamento en vigor para dar resposta ás novas necesidades da poboación**, como por exemplo, a modificación en trámite do PXOM tanto para usos turísticos como para o uso residencial de baixos, que será sometido a aprobación provisional do Pleno nos próximos meses.

Cómpre salientar neste eido a declaración de interese xeral para a ampliación do conxunto hospitalario da Choupana e a emisión do correspondente informe favorable, que posibilitan a súa licitación con carácter inmediato por parte da Comunidade Autónoma.

Tamén se informou favorablemente a declaración de interese xeral para a ampliación do conxunto de San Caetano sobre o espazo anteriormente ocupado pola estación de autobuses. Nese caso, coa limitación de respectar a titularidade municipal e o uso público da Praza Camilo Díaz Baliño e a rúa Ánxel Casal ata a conexión coa rúa Rodríguez de Viguri.

- No referido á **política de rehabilitación**, está posto en marcha o rexistro municipal de soares para aqueles edificios que presentan un estado de abandono na cidade histórica. Actualmente conta con 8 inmobles inscritos, dos cales catro iniciaron xa actuacións para a súa inmediata rehabilitación. O informe de xestión da OCIRH reflicte que en 2021 se pagaron 57 axudas por importe de 280.963 euros.



A maiores, tramitouse a cualificación provisional doutras 184 vivendas diante do IGVS que, en caso de resolución favorable, contarían con 862.902 euros. De momento o IGVS resolveu 8 destas solicitudes, e está previsto ampliar o número de solicitudes ata 237 vivendas.

Tamén cunha subvención de 213.000 euros achegados polo Ministerio se realizou outra convocatoria á que se presentaron 62 solicitudes que xa foron informadas e tramitadas diante do IGVS.

Está previsto que ao abeiro do Plan Estatal 2018-2021 se tramiten neste ano 2022 outras 186 solicitudes por un importe de 1.116.924 euros.

Así mesmo, haberá unha nova convocatoria para os catro ARRUS por importe de 175.000 euros e convocatorias de repesca do Plan Estatal de Vivenda por importe de 1.234.761 euros que beneficiarían a 193 vivendas máis.

En resumo, temos actualmente en tramitación 246 solicitudes informadas e pendentes de aprobación polo IGVS e temos previsto tramitar outras 379 para o ano 2022.

- No referente a **vivenda protexida**, cómpre subliñar que, por primeira vez nos últimos 11 anos, a Consellería competente en materia de vivenda vén de iniciar a construción de 60 vivendas protexidas no barrio do Castiñeirño. O Concello de Santiago, tamén por primeira vez nos últimos 11 anos, vén de licitar 5 parcelas para a construción de 108 vivendas protexidas, 4 xa adxudicadas e unha que deberá saír novamente a licitación antes do verán. Son cifras modestas pero que, xunto coa necesidade de desenvolver os solos industriais da zona norte, os mencionados SUNP 38 e 37.3, e de programar novo solo residencial, especialmente para vivendas protexidas, fai imprescindible a recuperación dun instrumento tan eficaz como foi a Sociedade pública EMUVISSA.

Mobilidade e seguridade:

Gustaríame salientar que se completou a peonalización da cidade histórica coa incorporación da Praza de Mazarelos e a súa contorna. Agora, o reto principal é a ordenación do transporte e distribución de mercadorías neste ámbito. A cidade histórica está sometida actualmente a unha presión excesiva, especialmente no horario de 7 a 11 horas, pero tamén nas tardes dos xoves. Resulta, polo tanto, imprescindible abordar, tal e como fixeron outras cidades europeas, o reparto e distribución de Última Milla mediante a posta en marcha dun centro de distribución para desde aí organizar con vehículos non contaminantes e de menor peso e tamaño o reparto de forma ordenada.

Este é un proceso complexo con poucas experiencias en España, polo que Santiago pode ser pioneira, se ben con antecedentes claros en cidades do centro de Europa e incluso en Italia que nos poden servir de orientación e modelo. O obxectivo do goberno local, coa subvención obtida dos fondos Next Generation e os recursos achegados polo propio Concello, é poñer en marcha esta iniciativa, que requirirá dunha primeira fase de definición e concreción do proxecto, e unha segunda de habilitación de espazos, adquisición de medios e posta en



marcha. Ao longo deste proceso será preciso un gran esforzo de diálogo, coordinación e mesmo de transformación tecnolóxica nos propios establecementos. Tamén necesitará unha adaptación da normativa municipal para poder levala a cabo.

Todo isto resulta imprescindible para a protección da nosa cidade histórica, do noso patrimonio, da calidade de vida da nosa veciñanza e da convivencia desta cos visitantes e coa actividade económica que é imprescindible desenvolver. E vai, sen dúbida, resultar decisiva para o cumprimento da normativa de baixas emisións.

O goberno municipal traballa coa perspectiva de que sexa unha realidade efectiva ao longo do ano 2025.

No relativo á seguridade, cabe destacar que, despois do preacordo acadado entre a Xunta de Galicia, a deputación provincial, o Concello de Santiago e os concellos da comarca sobre o **parque comarcal de Bombeiros**, está pendente neste momento a conformidade de Xunta e Deputación á proposta de convenio formulada desde o Concello de Santiago. Todo indica que nas vindeiras semanas podería materializarse este acordo.

Tamén me gustaría salientar a posta en marcha e recuperación dos primeiros equipos de **Policía de Barrio**, constituída por 56 policíaas, 11 oficiais, 3 inspectores e 1 inspector principal, organizados en 4 distritos, un deles por primeira vez no ámbito rural.

Obras no ámbito urbano:

Gustaríame salientar:

- As 16 actuacións en execución cun investimento de 8.073.770 euros
- As 21 actuacións rematadas por un importe de 4.676.345 euros
- E as 6 actuacións en licitación por 973.171 euros
- En total: 13.723.286 euros

Medio Rural:

O compromiso co medio rural e co Pacto polo Rural mantense vivo, tal como se expresa nos orzamentos deste ano 2022:

- No relativo ao ano 2021, cabe destacar que se remataron 9 obras por un importe total de 1.595.610 euros
- actualmente están en execución 4 obras por un importe de 1.278.277 euros e
- atópanse en proceso de licitación 12 obras por un importe de 1.953.675 euros que benefician a todas as parroquias do rural.

En total 4.827.564 euros de investimento.

Deportes:

A remodelación do campo municipal das Cancelas de herba artificial cun investimento de 450.000 euros e a mellora do campo municipal de San Lázaro (SERGAS) cun importe de 490.000 euros, son dous dos proxectos importantes acometidos no ámbito deportivo.

IV

Previsións para o futuro

Indubidablemente, a vida da cidadanía e, polo tanto, a actuación municipal van estar condicionadas, alomenos ao longo do ano 2022, pola evolución da situación económica e, especificamente, polas consecuencias derivadas do conflito aberto no leste de Europa. Como dixen antes, resulta imposible prever cando e como rematará e que consecuencias se derivarán desta guerra.

Tampouco podemos dar por rematada a pandemia, pois o certo é que seguimos con elevados datos de contaxios e que, aproximadamente, o 20% das camas hospitalarias están ocupadas con persoas con COVID. Afortunadamente, o elevado nivel de vacinación permítenos afrontar este escenario de convivencia coa COVID cun maior nivel de seguridade.

Evidentemente, esta situación vai afectarnos de forma significativa, pero de ningún xeito quere dicir que debamos renunciar aos obxectivos específicos e aos proxectos de cidade. Polo tanto, quero abrir unha reflexión sobre algúns temas que me parecen prioritarios para o futuro de Santiago: a Axenda 2030 e o Plan 2021-2032 subscrito polas tres administracións no seo do Real Padroado de Santiago; o proxecto Peleteiro; os grandes contratos pendentes e a política de vivenda e rehabilitación.

1. A Axenda 2030 e o proxecto Compostela 2021-2032 son elementos complementarios: a Axenda 2030 busca deseñar o modelo e o proxecto de cidade que queremos construír, e o proxecto Compostela 2021-2032 é un esforzo para concretar boa parte dese proxecto e para concitar o apoio das administracións autonómica e estatal e facelo viable.

En relación á Axenda 2030, estase a traballar dun xeito aberto e participativo a partir do Consello Económico e Social, buscando os mellores respaldos técnicos para que sexa un proxecto sólido, de calidade e compartido. Neste senso, desde o goberno asumimos a responsabilidade de impulsar o proxecto e buscar os recursos necesarios para sacalo a diante, pero só é posible se se acada o maior nivel de consenso e participación.

Actualmente atópase en fase de licitación a redacción do Plan de acción da Axenda 2030, que se nutrirá dunha parte técnica complementada e enriquecida coas achegas dos axentes sociais e políticos.

En canto ao proxecto Compostela 2021-2032, asinado e compartido cos gobernos de Galicia e de España, constitúe una folla de ruta que deberemos seguir e construír conxuntamente ao longo dos vindeiros anos. Non será doado o camiño, o escenario tampouco nolo facilita, pero con constancia no empeño, claridade de ideas e bos proxectos, teño a convicción de que seremos capaces de sacalo adiante.



É preciso o compromiso de todos para facelo posible.

2. Proxecto Peleteiro: esta cuestión leva dando voltas 19 anos. No seu día naceu como un compromiso unánime dos tres grupos políticos que compoñían a Corporación Municipal co obxectivo, por un lado, de viabilizar o traslado dun centro educativo de referencia a un espazo onde puidera ofrecer os mellores servizos e dar un salto de calidade; e, por outro, de dotar ao Ensanche dun motor económico, dun elemento de atracción que lle permitira recuperar una posición de referencia cara ao noso hinterland.

Resulta evidente que o primeiro obxectivo foi plenamente conseguido: o colexio Peleteiro é hoxe un dos principais centros educativos privados de referencia en España no ámbito da educación primaria e secundaria. En canto ao segundo, resulta evidente que non foi posible e hoxe constitúe un espazo degradado no centro do Ensanche.

Por todo o anterior, é imprescindible darlle unha solución definitiva a este tema, a mellor posible, convertendo o que hoxe é unha área sen uso nun espazo de convivencia, de conexión entre o Ensanche sur e o norte. A competencia e, polo tanto, a responsabilidade da decisión recae sobre o Pleno da Corporación.

O punto de partida actual é o Plan Xeral aprobado definitivamente polo Consello da Xunta no mes de outubro de 2008 e o proxecto de compensación aprobado polo Concello en decembro de 2005. Polo primeiro, recoñécese á propiedade un dereito de edificación de 23.500 metros cadrados construídos, fundamentalmente destinados a uso comercial e residencial-comunitario. Tanto no primeiro como no segundo, recóllese un espazo público de 1395 metros cadrados e un dotacional de preto de 800 metros cadrados cunha rúa que uniría República Arxentina con San Pedro de Mezonzo.

Actualmente está sobre a mesa unha proposta que conta con todos os informes técnicos preceptivos favorables, sen prexuízo de que poida ser mellorada.

Penso que sería un notable fracaso, non só do goberno senón da Corporación e da cidade, se non somos quen de resolver esta cuestión neste mandato.

3. Grandes contratos:

O pasado ano 2021 adxudicáronse e estanse a poñer en marcha tres dos cinco maiores contratos deste Concello: o servizo de limpeza viaria e recollida de lixo, o servizo de conservación e limpeza dos parques públicos e o servizo de asistencia a domicilio. Estes tres contratos suman case 18 millóns de euros anuais, o que supón unha parte importante do orzamento municipal. Faltan dous dos cinco que son o transporte e a auga.

Non vou insistir especialmente hoxe no tema da auga (son evidentes as diferenzas que vimos mantendo e teremos que volver falar nas vindeiras semanas) salvo para indicar que resulta irrenunciable para o goberno abordar a xestión dun servizo esencial que se atopa nunha situación de evidente precariedade e que precisa de enormes investimentos.

En relación co contrato de transportes, é público e coñecido por todos os grupos que estaba preparada a súa licitación en xuño de 2020. Desafortunadamente, a pandemia provocou unha



redución do número de usuarios, que chegou a ser só do 10% con respecto a 2019, e obrigou a reformular todos os estudos económicos nun ambiente de incerteza. A recuperación ao longo de 2021, que nos permite situarnos neste momento no entorno do 80%, clarifica esta situación, pero o Real Decreto Lei 24/21, de 2 de novembro de 2021, de transposición de directivas da Unión Europea, veu trastocar novamente o estudo económico ao implantar a obrigatoriedade da incorporación de unidades con cero emisións e baixas emisións, cuestión que, polas circunstancias nas que se atopa o servizo, supón un significativo incremento no investimento previsto.

De todos é sabido que a frota de autobuses de Santiago, que no ano 2011 tiña unha antigüidade media de 8 anos, presenta hoxe, como consecuencia da paralización do proceso entre os anos 2011 e 2021, unas condicións que obrigan ao seu cambio completo, polo que resulta imposible unha renovación etapificada e paulatina como se viña facendo anteriormente.

Neste senso, a vontade do goberno municipal é licitar o concurso, previsiblemente, no segundo semestre deste ano, unha vez completados os estudos e sometidos aos informes preceptivos.

4. Fenda dixital: posta en marcha da Oficina de atención ao usuario

A administración electrónica non só no Concello de Santiago senón no conxunto das administracións públicas e incluso en moitas empresas, está a xerar graves problemas de adaptación para un sector moi importante da nosa sociedade coincidente coa poboación de máis idade. Ante esta evidencia, vimos mantendo diversos servizos de atención presencial, como por exemplo, a propia oficina de rexistro. Aquí instalouse un equipo informático optimizado para o acceso á sede electrónica municipal, para o uso libre pola veciñanza. Este equipo conta cun escáner propio, ferramenta da que carecen boa parte dos fogares, para dixitalizar calquera documento que se desexe presentar na sede e o persoal de rexistro asesorará aos usuarios/as para presentar as súas solicitudes.

Suprimíuse a cita previa por atención presencial, incrementándose o número de persoas atendidas, e a curto prazo está prevista a dotación dun novo posto de atención presencial nesta oficina.

No segundo semestre de 2021 o Concello contratou un servizo de asistencia na atención telefónica (*call center*) cuxo obxectivo é mellorar e axilizar a atención aos usuarios que demandan información. Renovouse todo o sistema obsoleto de comunicacións telefónicas e instalouse unha nova centraliña telefónica automática e totalmente informatizada que permite deixar mensaxes de voz e dispoñer dun rexistro informático de todas as chamadas.

Co fin de seguir apoiando e axudando as persoas que así o requiran, ademais de manter este servizo e incluso ampliálo, o goberno ten previsto licitar e adxudicar neste ano a posta en marcha dun **centro de atención ao usuario**, dotado con máis recursos, horario presencial de mañá e tarde, soporte a incidencias en modalidade 24x7, acceso mobilidade, etc.



5. Desde o goberno municipal impulsamos a **transformación de moitos espazos urbanos**: inicialmente configurados como estradas e reconvertidas en grandes avenidas urbanas. San Lázaro, avenida de Lugo, Hórreo, Romero Donallo, Choupana, Santa Marta, Galeras, Mestre Mateo ou Vista Alegre son exemplos destas actuacións.

A pesar do camiño andado quedan espazos nos que esta transformación aínda non se produciu ou se fixo de forma insuficiente. Ao noso entender os dous espazos máis relevantes nesta situación son a entrada do Castiñeiriño, desde a rotonda ata a rúa Amor Ruibal, e, por suposto, o eixo central da cidade desde a rúa Basquiños ata Rosalía de Castro, sendo especialmente prioritaria a transformación e adecuación do tramo comprendido entre Porta do Camiño e a Praza de Galicia.

No que se refire ao primeiro caso, desde o goberno municipal están a encargarse os estudos técnicos necesarios para concorrer a unha próxima convocatoria de fondos Next Generation. Esperamos ver atendida a nosa proposta, se ben dada a magnitude da actuación é probable que deba ser acometida en dúas fases.

O obxectivo non pode ser outro que transformar un tramo da antiga estrada N-525 nunha avenida urbana con espazo axeitado e suficiente para os peóns e para as bicicletas, facilitando a integración e a conectividade dos barrios construídos na súa contorna.

En canto ao segundo caso, e con respecto ás rúas Virxe da Cerca e Fonte de San Antonio, procedentes da antiga estrada N-550 Coruña-Vigo, o exceso de tráfico e a insuficiencia de espazos para os peóns someten a este ámbito a unha presión que converte unha rúa de excepcional calidade e troncal na nosa cidade nun espazo incómodo e un tanto deshumanizado. Así pois, a intención do goberno municipal é asinar un convenio coa fundación RIA, presidida polo arquitecto David Chipperfield, para a realización dun estudo previo que tamén debe incorporar a súa relación coa praza de Galicia.

Neste último caso cómpre sinalar que, por parte do Concello, se realizaron determinados estudos que non permitiron acadar unha conclusión definitiva. A posta en marcha da estación intermodal e a intervención na rúa do Hórreo obrigan a reflexionar sobre o papel da praza de Galicia dentro da cidade e a súa relación coa propia estación intermodal.

É indubidable que a posta en marcha da nova estación de autobuses, da nova terminal de viaxeiros do Ave operativa a partir de 2024 e a concentración do transporte metropolitano van supor un cambio fundamental. Máis de 7 millóns de viaxeiros ao ano obrigan a reflexionar sobre a integración de todas as pezas para acadar unha mellora na funcionalidade e, sobre todo, unha cidade máis cómoda, amable e atractiva.

En relación co establecemento dunha zona de baixas emisións obrigatoria para o ano 2023, a efectos da súa delimitación e requisitos, estamos pendentes da publicación do Decreto Lei que prepara o Ministerio de Transición Ecolóxica.



Cómpre dicir que este Concello vai intentar aproveitar todas as oportunidades derivadas dos fondos Next Generation para impulsar proxectos, particularmente os contidos no programa 2021-2032 e, en xeral, todos os que se refiran á recuperación urbana e medioambiental de Santiago.

6. Nas próximas semanas teremos a oportunidade de decidir o destino do **remanente de tesourería**. Por suposto non son reais nin están dispoñibles as cantidades das que se fala. Os cambios da contabilidade e o peche do exercicio dan unha imaxe irreal, pero unha vez depurada poderemos dispor dunha cifra na contorna dos 8 millóns de euros que nos permitirían, si o pleno así o acorda, destinar 3 millóns á posta en marcha dun **novo plan de reactivación económica** que incluíría bonos corazón, bono párking e axudas á renovación e dinamización do comercio, entre outras propostas. Tamén permitiría reforzar os apoios á posta en marcha de iniciativas de economía social e economía circular.

Igualmente, dentro do capítulo de novos investimentos, á parte de actuacións que non foi posible incorporar no 2022, poderíamos abordar unha actuación moi necesaria na Praza de Abastos ou o futuro da Casa da Xuventude.

CONCLUSIÓNS:

Cando a Corporación iniciou a andaina deste mandato coa vista posta no Ano Santo de 2021, era imposible pensar que ían producirse os acontecementos que finalmente tiveron lugar: unha pandemia que condicionou as nosas vidas durante máis de 2 anos, seguida dunha guerra descoñecida en Europa desde hai 77. Non sabemos aínda as sorpresas que nos pode deparar o futuro inmediato pero si sabemos que unha cidade debe ter un norte marcado e, a continuación, unha folia de ruta para alcanzalo. Ese norte debemos escribilo todos xuntos negro sobre branco na Axenda 2030; a ruta e, sobre todo, a velocidade deberán axustarse en función das condicións.

Santiago demostrou que, a pesar das dificultades, non só fomos quen de habilitar medidas para facerlles fronte cun importante nivel de eficacia, senón que tamén fomos quen de avanzar de forma decidida e clara na consecución dos obxectivos que nos tiñamos marcados e, aínda máis, imos demostrar que somos quen de deseñar un proxecto de futuro no que todas e todos teñamos cabida.

Faltan 13 meses para as vindeiras eleccións municipais, é previsible que canto máis nos acerquemos maior será a presión e a tentación de actuar en clave electoral. Pode ser comprensible, pero ningún concello, nin comunidade, nin país, nin empresa, se pode permitir o luxo de perder un ano por iso. Atrévome a pedir e a esperar de toda a Corporación a altura de miras necesaria e suficiente para poñer os intereses da comunidade á que representamos e debemos servir por enriba de calquera outra consideración.